


CONCELLO DE PALAS DE REI

SEPARATA N. 07



ÍNDICE

1.	ANTECEDENTES HISTÓRICOS	1
2.	DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO.....	2
2.1.	DESCRICIÓN DA PROPOSTA.....	2
2.2.	XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO.....	2
2.2.2.	TRAMO MONTECELO - MERLÁN.....	3
2.2.3.	TRAMO AS SEIXAS - CASACAMIÑO.....	3
3.	ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO e calidade ambiental.....	4
4.	DESCRICIÓN e criterios de protección DO ÁMBITO do territorio histórico	5
5.	ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO	6
6.	ANEXO FOTOGRÁFICO	7
7.	ANEXO PLANOS	16

1. ANTECEDENTES HISTÓRICOS

A partir de Vilamaior de Negral o camiño non está documentado na Idade Media, pero debía de seguir por S. Martiño de Ferreira, Mosteiro, Leboeira, S. Xurxo de Aguas Santas, San Salvador de Merlán y Hospital¹. Madoz di que a freguesía de San Martiño de Ferreira distaba de Lugo catro leguas e está sita á dereita do río Ferreira e á esquerda do camiño que desde Lugo se dirixe á venda Libureira. Sinala ademais que “ao termo lle baña o mencionado río Ferreira, sobre o cal ten unha ponte no camiño de que houberamos feito mérito”, ao parecer tratase dun ponte construído polos romanos, xunto á mansión de *Ponte Martiae* que estes tiñan aquí². O *Diccionario Geográfico* de Madoz constata tamén, que o camiño real de Lugo a Santiago (Camiño de Ovedo) pasaba por San Xurxo de Agoas Santas e San Salvador de Merlán.

Dalgunhas destas localidades temos referencias documentais que constatan a súa existencia na Idade Media.

Afonso III doa á Igrexa de Lugo, no ano 897, *monasterium Sancti Georgia quod est fundatum in villa Goldremir, quod fundavit Breter abbas*³. En 1200, Fernando Pérez e os seus fillos doan ao convento de Sobrado a metade de todas as súas herdades, *de tribus casalibus duas partes*, que teñen en *Sancto Georgeo de Aquis Sanctis*⁴. Mencionase tamén, na documentación da catedral de Lugo, un notario público en *San Jurjo d'Agoas Santas* en 1428, e en 1453 a Rodrigo Alfonso, *notario público de Narla et dos coutos de Sant Martino et Ferreira de Negral et San Jurjo de Aguas Santas a merced do señor Lopo Sanchez de Ulloa*⁵.

Segundo Madoz, o camiño de Melide a Lugo (Camiño de Ovedo) pasa polo Castro das Seixas⁶. En canto ao Hospital das Seixas, na Idade Media non consta a existencia dun hospital nesta localidade; sen embargo, o topónimo non deixa lugar a dúbidas. O que si consta é o lugar de Seixas do que era probablemente “señor” Fernando Gómez – das Seixas-escudeiro, que en 1423 reclama ao mosteiro de San Vitorio de Ribas de Miño o padroao e xantar ao que tiña dereito por herdanza, Leonor Rodríguez de Rodeiro. O nobre percibía tamén *por sy et por seus clerigos*, unha parte dos décimos da freguesía de Santa María de Xián, como o facían os seus antepasados⁷.

O seu fillo Vasco das Seyxas verá incrementado o seu patrimonio, en 1462, coas herdades e rendas do lugar de Constante e de Vilar de Infanzós nas freguesías de San Miguel de Constante, San Salvador de Castelo e Santalla de Pradeda, mediante a doazón que destes bens fai ao seu favor Teresa Alfonso de Constante⁸. Vasco das Seixas estaba casado con Dona Teresa, filla de Dona Maior de Baamonde e Fernando Díaz de Ribadeneira, e en 1466 Dona Maior, neste momento viúva, cede todas as rendas, señorío e propiedades de Prado con todos os seus termos xurisdicións e señoríos, en pago polos servizos que recibiu de ambos no pasado⁹. Como podemos observar a Igrexa de Lugo, ao igual que outras institucións eclesiásticas, acude, como xa o fixera en Retorta, a membros da fidalguía da zona para manter a rendibilidade do seu dominio nun momento en que a crise lles afecta de forma considerable.

¹ E. Ferreira, Los caminos medievales de Galicia, p.191.

² Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo X, 1977-78, pp. 3-7.

³ Risco, *España Sagrada* XL, apéndice 19.

⁴ T. Sobrado II, nº 156 (1200, septiembre, 15).

⁵ Cat. de Lugo, nº 1019 y nº 1093.

⁶ Madoz, *Diccionario geográfico...*, T. IV, p. 891.

⁷ Cat. de Lugo, nº 995 y 999.

⁸ Vasco das Seyxas, fillo de Fernando Gomes das Seyxas et de LionorGomes..., Cat. de Lugo, nº1143.

⁹ Cat. de Lugo, nº 1168.

A finais do XV o bispo de Lugo afora a Fernando Gómez das Seixas e á súa muller, a casa e torre de San Martiño dos Condes, que estaba derruída, coa condición de que a reparen, moren nela, e dean aloxamento, auga, sal, leña e fogo en dita torre ao bispo e aos seus sucesores, cando visiten o couto de San Martiño dos Condes¹⁰.

¹⁰ Cat. Lugo, nº 1358.

2. DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO

2.1. DESCRICIÓN DA PROPOSTA

Trazado do Camiño: Castrelo, parroquia de San Martiño de Ferreira (límite co concello de Friol – Serra do Careón, no límite oeste da parroquia de San Salvador de Merlán (límite co concello de Toques)

O trazado do Camiño de Ovedo ao seu paso polo concello de Palas de Rei atravesará as parroquias de San Martiño de Ferreira, San Xurxo de Aguas Santas e San Salvador de Merlán.

Tramo Castrelo – Serra do Careón

Despois de cruzar O Pacio, no concello de Friol, o Camiño entra en Palas de Rei por unha pista asfaltada que pasa ao sur do núcleo do Castrelo, atravesará a estrada LU-231, e continúa cara ao núcleo da Covela, nunha paisaxe chan, de amplos prados e arborado autóctono.

Na Covela a ruta de peregrinación segue por un camiño que vai en dirección sur, que conduce á Ponte Ferreira. Tras cruzar o río Ferreira pola ponte medieval, o Camiño volta á estrada LU-231, e atravesará o lugar de O Carballal. A partir de aquí segue pola estrada un dous km. ata pouco antes de chegar á Leboreira.

A paisaxe é similar ao do tramo anterior a Ponte Ferreira: amplos prados chans mesturados con arborado de folla caduca (carballos e bidueiros) e algunhas plantacións de piñeiros.

Uns trescentos metros antes da Leboreira a ruta segue por un camiño de terra que conduce á zona sur do núcleo. Tras atravesalo, continúa ata volver á estrada LU-231 no lugar de Bouzachás, e segue por ela ata O Requián, onde acurta por un sendeiro de terra que leva de novo á estrada. Pasa pola beira da igrexa de San Xurxo de Aguas Santas e continúa ata Montecelo.

En Montecelo a senda desvíase da estrada para atravesar entre as casas pola parte sur do núcleo. Neste tramo ábreanse vistas cara ao sur sobre o conxunto de agros que ocupan a meirande parte do val e sobre o bosque de frondosas que cubre a ladeira do monte de San Vicnete, ao outro lado do rego de Chancela.

Á saída de Montecelo o Camiño atravesará a estrada para continuar por unha congostra que atravesará unha carballeira, nun treito duns trescentos metros. Despois continúa pola estrada ata chegar a Merlán.

O Camiño pasa xunto a igrexa de orixe románico de San Salvador de Merlán, e continúa un pouco mais arriba por unha congostra que se desvía á esquerda en dirección a Seixas.

Dende Merlán hai interesantes vistas cara atrás do Castro do Monte de San Xurxo, situado nun alto que domina toda a zona, ao norte dos núcleos de San Xurxo e Montecelo. Cara ao oeste pódense divisar tamén os penedos de San Nicolao e os penedos de Casacamiño, formacións rochosas que coroan o monte situado ao norte de Casacamiño.


Pouco antes de chegar a Seixas a congostra se cruza cun camiño asfaltado polo que continúa ata o núcleo. Dende Seixas mantéñense as referencias visuais do Castro do Monte de San Xurxo e dos penedos de Casacamiño e San Nicolao.

Dende Seixas a ruta continúa por un camiño de terra que descende ao fondo do val que percorre o río Merlán para volver a subir ata chegar á aldea de Casacamiño. Neste tramo o camiño, de ampla caixa, vai delimitado por muros ou noiros. Á vexetación e variada, no fondo do val dominan os ameneiros da ribeira do Merlán, para continuar despois atravesando zonas de carballeira e pasar xunto a pequenos prados ou piñeirais.

Despois de pasar á beira das primeiras edificacións de Casacamiño a ruta sube cara ao monte, continuando pola ladeira oeste xunto aos penedos de Casacamiño e San Nicolao en dirección a Hospital das Seixas, nun tramo dun quilómetro aproximadamente. O tramo ten interesantes vistas das formacións rochosas que coroan o monte e do bosque de frondosas que cubre o val situado entre o monte dos penedos e o Monte do Hospital, xa formando parte da Serra do Careón.

Uns cento cincuenta metros antes de chegar ao Hospital das Seixas o camiño que percorre a ladeira continúa pola estrada asfaltada que ven de Merlán. Tras atravesar o núcleo o Camiño continúa pola estrada que une O Hospital, pasando por Vilouriz e Vilamor, con Melide, ata chegar ao límite municipal co concello de Toques, na liña dos cumes da Serra do Careón.

2.2. XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO



Superposición do trazado do Camiño e dos trazados con vestixios históricos ao trazado posto a exposición pública pola Xunta de Galicia no ano 1997

Trazado do Camiño ——— Trazado con vestixios históricos ———
Trazado Xunta de Galicia exposición pública 1997 ———

O trazado do Camiño entre San Romao da Retorta (Guntín) e Ponte Ferreira, pasando por Burgo de Negral e O Pacio (Friol) basease nas testemuñas dos veciños de San Romao da Retorta que o consideran o trazado orixinal, así mesmo aparece indicado como tal na obra de Madoz, nomeado como Camiño Real: Asemade é observable a súa adecuación ás características dos camiños tradicionais de longo percorrido. Para a súa delimitación tívose en conta a información cartográfica dispoñible así como as fotografías aéreas, tanto históricas como actuais.

Entre A Ponte Ferreira e o límite oeste do concello na Serra do Careón a proposta de trazado basease nas delimitacións realizadas nos anos 1997, pola Xunta de Galicia, a que realizou no ano 1993 a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, que se contrastaron con el estudo histórico realizado por M^a del Carmen Rodríguez González, ca información cartográfica e fotográfica dispoñible (en especial co voo realizado no ano 1956-57), cas informacións aportadas polos veciños e polo traballo de prospección realizado sobre o terreo. En liñas xerais a proposta non difire dos trazados realizados porla Xunta de Galicia e a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo. A Continuación se indican os puntos nos que atopáronse incidencias e nos que a traza proposta difire das sinaladas anteriormente.

2.2.1. TRAMO LÍMITE CO CONCELLO DE FRIOL – A PONTE FERREIRA

Tanto a delimitación do trazado realizada pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo no ano 1993 como a posta a exposición pública pola Xunta de Galicia no ano 1997 non inclúen o trazado proposto, en ambas as dúas propostas o trazado vai polo sur, pasando polas parroquias de Santa Cruz da Retorta e Vilamaior de Negral, no concello de Guntín, Santa María do Pacio, no concello de Friol e Ribeira e San Martiño de Ferreira, xa dentro do termo municipal de Palas de Rei.

A traza por Burgo de Negral e O Pacio adaptase á tipoloxía de camiño de longa distancia do Camiño de Ovedo e non presenta as irregularidades existentes na actualidade no trazado que vai por Vilamaior de Negral (Friol), no que a traza nalgunas zonas é o resultado da unión de camiños de curta ou media distancia e noutras perdeuse polas apropiacións levadas a cabo por particulares.



Variación do trazado do Camiño respecto ao trazado do ano 1997 entre o límite co concello de Friol e A Ponte Ferreira

Trazado do Camiño — Trazado Xunta de Galicia exposición pública 1997

2.2.2. TRAMO MONTECELO - MERLÁN

Entre Montecelo, na parroquia de San Xurxo de Aguas Santas e Merlán o trazado realizado pola Xunta de Galicia no ano 1997 continúa pola estrada LU-231 ata chegar ao núcleo de Ribadal, para nese punto facendo un ángulo agudo enlazar cunha pista asfaltada que leva a Merlán, bordeando polo oeste a carballeira situada ao norte de Ribadal. Na proposta á saída de Montecelo o Camiño cruza a estrada para continuar por un camiño que bordea a carballeira polo norte e que termina na pista que une Ribadal con Merlán.



Variación do trazado do Camiño respecto ao trazado do ano 1997 entre Montecelo e Merlán

Trazado do Camiño — Trazado Xunta de Galicia exposición pública 1997

2.2.3. TRAMO AS SEIXAS - CASACAMIÑO

Entre os núcleos das Seixas e Casacamiño o trazado da Xunta de Galicia do ano 1997 une cunha liña practicamente recta a saída do núcleo das Seixas coa zona chamada do Rego do Vello, antes de chegar a Casacamiño. Non foi posible identificar este trazado, sendo tamén difícil de identificar na imaxe do voo do ano 1956. O trazado que se propón é o sinalizado polos fitos da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, que segue o trazado do camiño existente entre As Seixas e Casacamiño, que así mesmo aparece recollido nos planos do catastro.



Variación do trazado do Camiño respecto ao trazado do ano 1997 entre as Seixas e Casacamiño

Trazado do Camiño — Trazado Xunta de Galicia exposición pública 1997

3. ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO E CALIDADE AMBIENTAL

A continuación realízase unha diagnose dos diferentes tramos do Camiño en función da súa calidade ambiental, o estado do seu pavimento, as dificultades existentes para o tránsito dos camiñantes e o estado da súa sinalización. Para a descrición máis axeitada das condicións do Camiño en cada zona os tramos nos que se dividiu a traza para a súa descrición divídense a súa vez en subtramos máis pequenos de características máis homoxéneas.

Tramo O Castrelo – Serra do Careón

O Castrelo (límite co concello de Friol) – A Leboreira

A calidade ambiental do tramo é boa. A paisaxe que se percibe dende o Camiño alterna as zonas pechadas nas que as vistas vense limitadas polo arborado que crece ás súas beiras e as zonas nas que se abren as vistas a unha paisaxe en xeral cha ou de perfís suaves, caracterizado polos prados e as fragas de especies caducifolias (principalmente carballos e bidueiros).

O pavimento da meirande parte do tramo é de asfalto en bo estado de conservación. A saída da Ponte Ferreira é de terra compactada con lousas de perpiaño no centro do camiño e atópase en regular estado de conservación. Á chegada á Leboreira o pavimento é tamén de terra compactada e encontrase en bo estado.

O tramo non presenta dificultades para os peregrinos.

Entre a entrada no termo municipal e A Ponte Ferreira o Camiño non está sinalizado. A partir deste punto atópase sinalizado cos marcos e as cunchas colocadas pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

A Leboreira – Merlán

A calidade ambiental do tramo é boa. Ao igual que o tramo anterior, alternanse os treitos pechados polo arborado próximo ao Camiño cos que teñen vistas abertas nas que abundan os prados e as fragas de carballos e bidueiros.

A meirande parte do tramo ten pavimento de asfalto en bo estado de conservación. O tramo que atravesa A Leboreira é de terra compactada e encontrase en bo estado excepto no treito final, afectado por un paso de auga. Entre Montecelo e Merlán á altura de Ribadal hai outro tramo de terra compactada que se atopa parcialmente encharcado pola auga.

A excepción da zona anegada xa mencionada, o tramo non presenta dificultades para os peregrinos.

O tramo está ben sinalizado.

Merlán – Casacamiño

A Calidade ambiental do tramo é boa. Entre Merlán e As Seixas a paisaxe é aberto, con dominio dos prados e o arborado autóctono. Neste treito o Castro do Monte de San Xurxo ao leste e os Penedos de San Nicolao e Casacamiño ao oeste son unha referencia constante. Entre as Seixas e Casacamiño a paisaxe vese pechada polo arborado que crece nas súas beiras: carballos, castiñeiros, bidueiros e, ao paso do Rego de Merlán, ameneiros e salgueiros. No treito vólvense a producir vistas puntuais dos penedos de Casacamiño e San Nicolao.

O pavimento é de terra compactada. Douscentos metros tras cruzar o Rego de Merlán o Camiño encontrase anegado. No resto do tramo o seu estado de conservación é aceptable.

O tramo non presenta dificultades para o tránsito dos peregrinos

O tramo está ben sinalizado.

Casacamiño – Serra do Careón

A calidade ambiental do tramo é moi boa. A paisaxe é a característica das zonas altas. A vexetación dominante está formada por amplas toxeiras. As formacións rochosas dos penedos de San Nicolao e Casacamiño dominan as vistas do tramo. Teñen tamén gran interese as vistas das fragas de arborado autóctono que cobren o fondo do val comprendido entre os Penedos e a Serra do Careón.


Entre Casacamiño e Hospital das Seixas o pavimento do Camiño é de terra compactada e encontrase en bo estado de conservación. A partir de Hospital das Seixas o pavimento é de asfalto, tamén en bo estado.

O tramo non presenta dificultades para o tránsito dos peregrinos

O tramo está ben sinalizado.

Plano de calidade ambiental do Camiño

No seguinte plano representase mediante un código de cores a avaliación da calidade ambiental de cada un dos tramos do Camiño. Os factores que se tiveron en conta para a realización de dita avaliación foron: a calidade da paisaxe inmediato ao Camiño; a percepción que dende el se ten da paisaxe afastada e o seu nivel de calidade; o arborado e a vexetación vinculada ao Camiño; a calidade das edificacións do seu entorno; o grado de conservación da configuración tradicional da traza e por último a existencia de elementos ou circunstancias que poidan supoñer un impacto sobre o Camiño ou a súa contorna.



Valoración da calidade ambiental do Camiño Primitivo ou de Ovedo no Concello de Palas de Rei

- Moi Boa
- Boa
- Media
- Mala
- Moi mala

4. DESCRICIÓN E CRITERIOS DE PROTECCIÓN DO ÁMBITO DO TERRITORIO HISTÓRICO

Os criterios para a delimitación do ámbito do territorio histórico do Camiño de Ovedo baséanse na necesidade de protexer os elementos vinculados ao Camiño no seu entorno mais próximo. Os valos e taludes que definen os seus límites; a vexetación mais próxima: aliñacións de árbores, bosques autóctonos; os sistemas de cultivos: agras, prados, cos elementos a eles asociados: socalcos, valos, noiros; as construcións tradicionais: vivendas, hórreos, paleiras e construcións adxectivas en xeral, capelas, igrexas, muíños, etc.; os espazos públicos vinculados ao Camiño: espazos comunitarios dos núcleos, campos da festa, carballeiras, atrios das igrexas e, en xeral, calquera outro elemento de valor vinculado á traza do Camiño. Por outra banda esta delimitación ten por obxecto a protección da paisaxe inmediato ao camiño e das vistas sobre a paisaxe mais afastada.

Para a realización da delimitación pártese dunha banda a cada lado do camiño duns cen metros que se adapta en función dos elementos a protexer. En xeral esta delimitación é mais ampla no lado que ten vistas que no lado no que non as ten. A delimitación engloba as áreas de protección dos elementos patrimoniais próximos ao Camiño e as delimitacións dos núcleos de poboación polos que pasa o Camiño ou que se atopan na súa contorna inmediata.

O perímetro do ámbito de protección sempre segue as liñas reflectidas nos planos do catastro: límites das parcelas, límites de estradas ou camiños, cursos fluviais, etc. Cando as características do parcelario non fan posible este tipo de delimitación utilízanse liñas que unen elementos identificables sobre o terreo, por exemplo a liña trazada entre dúas esquinas dos peches de fincas.

No concello de Palas de Rei o ámbito do territorio histórico inclúe inclúe zonas das parroquias polas que pasa o Camiño: San Martiño de Ferreira, San Xurxo de Aguas Santas e San Salvador de Merlán.

A continuación descríbense os principais elementos que condicionan a delimitación do ámbito do territorio histórico nos distintos tramos.

Tramo Castrelo – Serra do Careón

No tramo do Camiño que transcorre entre o límite co concello de Friol na zona chamada Chousa do Portocelo, próxima ao núcleo de Castrelo, e o límite co concello de Toques no cume da Serra do Careón, nas proximidades de Hospital das Seixas os núcleos cuxa delimitación está comprendida dentro do ámbito do territorio histórico son os seguintes: A Covela, A Ponte Ferreira, O Carballal, O Outeiro, A Leboreira, Bouzachás, O Requián, San Xurxo, Montecelo, Ribadal, Merlán, As Seixas, Casacamiño, A Lagoa e Hospital das Seixas.

Os xacementos arqueolóxicos cuxos ámbitos de protección foron incorporados á delimitación do territorio histórico do Camiño neste tramo son os seguintes: O Castro do Monte ou A Ourela de San Xurxo, O Penedo de Casacamiño, O Penedo de San Nicolao e o Túmulo do Marco, situado no límite co concello de Toques.

O principais elementos patrimoniais comprendidos dentro do ámbito do territorio histórico neste tramo son: a ponte de Ponte Ferreira, a igrexa de San Xurxo de Aguas Santas e a igrexa de San Salvador de Merlán.

A paisaxe do tramo é o característico das chairas que ocupan amplos territorios neste tramo do Camiño, a alternancia entre terras de cultivo, sobre todo praderías, e bosques de caducifolias e as suaves ondulacións do terreo. Ao final do tramo a paisaxe vese caracterizada pola constante presenza dos afloramentos rochosos chamados Penedos de Casacamiño e de San Nicolao e pola presenza dos montes da Serra do Careón.

A outra referencia visual durante gran parte do tramo é o Castro do Monte ou A Aurela de San Xurxo, que é visible dende A Leboreira ata As Seixas.

Como se ten indicado a delimitación do ámbito do territorio histórico ten por obxecto tanto a protección das vistas próximas como as das vistas afastadas que véñense de indicar.

5. ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO

Elementos patrimoniais dentro do ámbito do territorio histórico

Denominación	Lugar	Parroquia	Tipoloxía	UTM x	UTM y
Muíños e pontella de Ponte Ferreira	A Ponte Ferreira	FERREIRA DE NEGRAL (SAN MARTIÑO)	muíño	596585	4756015
Hórreo 4 de Ferreira	A Ponte Ferreira	FERREIRA DE NEGRAL (SAN MARTIÑO)	hórreo	596617	4755710
Casa tradicional	A Ponte Ferreira	FERREIRA DE NEGRAL (SAN MARTIÑO)	casa tradicional	596744	4755773
Ponte Ferreira	A Ponte Ferreira	FERREIRA DE NEGRAL (SAN MARTIÑO)	civil	596631	4755723
Muíño de Louzao	A Ponte Ferreira	FERREIRA DE NEGRAL (SAN MARTIÑO)	muíño	0	0
Fonte de Ponte Ferreira	A Ponte Ferreira	FERREIRA DE NEGRAL (SAN MARTIÑO)	fonte	596740	4755786
Hórreo 2 de Ponte Ferreira	A Ponte Ferreira	FERREIRA DE NEGRAL (SAN MARTIÑO)	hórreo	596767	4755810
Hórreo 3 de Ponte Ferreira	A Ponte Ferreira	FERREIRA DE NEGRAL (SAN MARTIÑO)	hórreo	596661	4755815
Hórreo de Casa da Ponte	A Ponte Ferreira	FERREIRA DE NEGRAL (SAN MARTIÑO)	hórreo	596627	4755739
Hórreo 1 do Carballal	O Carballal	FERREIRA DE NEGRAL (SAN MARTIÑO)	hórreo	596350	4755742
Casa 1 do Carballal	O Carballal	FERREIRA DE NEGRAL (SAN MARTIÑO)	casa tradicional	596317	4755758
Conxunto de vivenda e auxiliares tradicionais en Pena da Galiña	A Pena da Galiña	FERREIRA DE NEGRAL (SAN MARTIÑO)	casa tradicional	595984	4755861
Casa 1	Montecelo	AGUAS SANTAS (SAN XURXO)	casa tradicional	592824	4755140
O Castro do Monte / A Ourela de S. Xurxo	San Xurxo	AGUAS SANTAS (SAN XURXO)	asentamento	593112	4755613
Casa 1	San Xurxo	AGUAS SANTAS (SAN XURXO)	outros	593523	4755176
Casa 2	San Xurxo	AGUAS SANTAS (SAN XURXO)	casa tradicional	593551	4755122
Hórreo 1	San Xurxo	AGUAS SANTAS (SAN XURXO)	hórreo	593527	4755155
Fonte	San Xurxo	AGUAS SANTAS (SAN XURXO)	fonte	593511	4755139
Igrexa de San Xurxo Augas Santas	Augas Santas	AGUAS SANTAS (SAN XURXO)	relixiosa	593384	4755125
Casa 3	Montecelo	AGUAS SANTAS (SAN XURXO)	casa tradicional	593176	4755164
Fonte do Pión	Montecelo	AGUAS SANTAS (SAN XURXO)	fonte	593091	4755212
Hórreo 2	Montecelo	AGUAS SANTAS (SAN XURXO)	hórreo	592946	4755178
Casa 2	Montecelo	AGUAS SANTAS (SAN XURXO)	casa tradicional	593021	4755214
Hórreo 1	Montecelo	AGUAS SANTAS (SAN XURXO)	hórreo	592981	4755147
Hórreo 1 de Requián	Requián	AGUAS SANTAS (SAN XURXO)	hórreo	593673	4755212
Hórreo 2 en Requián	Requián	AGUAS SANTAS (SAN XURXO)	hórreo	593689	4755185
Hórreo en Bouzachás	Bouzachás	AGUAS SANTAS (SAN XURXO)	hórreo	593790	4755378
Fonte en Fonte dos Cervos	Fonte dos Cervos	AGUAS SANTAS (SAN XURXO)	fonte	593829	4755690
Vivenda tradicional en Leboreira	Leboreira	AGUAS SANTAS (SAN XURXO)	casa tradicional	594256	4755473
Igrexa de San Salvador de Merlán	Merlán	MERLAN (SAN SALVADOR)	relixiosa	592012	4755249
Riba da Fonte	Merlán	MERLAN (SAN SALVADOR)	fonte	592014	4755308
Vivenda tradicional con horreo	As Seixas	MERLAN (SAN SALVADOR)	casa tradicional	591381	4755380
Caño da Florinda	As Seixas	MERLAN (SAN SALVADOR)	fonte	591544	4755225
Hórreo 1 en As Seixas	As Seixas	MERLAN (SAN SALVADOR)	hórreo	591238	4755250
Hórreo 2 en As Seixas	As Seixas	MERLAN (SAN SALVADOR)	hórreo	591328	4755286

Hórreo 3 en As Seixas	As Seixas	MERLAN (SAN SALVADOR)	hórreo	591341	4755320
Hórreo 4 en As Seixas	As Seixas	MERLAN (SAN SALVADOR)	hórreo	591368	4755328
Hórreo 6	As Seixas	MERLAN (SAN SALVADOR)	hórreo	591443	4755224
Fonte	As Seixas	MERLAN (SAN SALVADOR)	fonte	590694	4755367
Denominación	Lugar	Parroquia	Tipoloxía	UTM x	UTM y
Casa 1	Casacamiño	MERLAN (SAN SALVADOR)	casa tradicional	590065	4755130
Casa 2	Casacamiño	MERLAN (SAN SALVADOR)	casa tradicional	590115	4755080
Fonte da Vieira	Casacamiño	MERLAN (SAN SALVADOR)	fonte	590122	4755119
Horreo 1 en Casacamiño	Casacamiño	MERLAN (SAN SALVADOR)	hórreo	590130	4755129
Forno	Casacamiño	MERLAN (SAN SALVADOR)	forno	590125	4755114
Penedo de S. Nicolao	Hospital- Casacamiño	MERLAN (SAN SALVADOR)	asentamento	590280	4756000
Penedo de CasaCamíño	Hospital- Casacamiño	MERLAN (SAN SALVADOR)	asentamento	590130	4755530
Horreo da Casa de Cardeiro	Hospital	MERLAN (SAN SALVADOR)	hórreo	589774	4756119
Horreo de Casa do Roxo	Hospital	MERLAN (SAN SALVADOR)	hórreo	589846	4756100
Horreo e eira de Casa Catuxo	Hospital	MERLAN (SAN SALVADOR)	hórreo	589936	4756030
O Marco	Hospital	MERLAN (SAN SALVADOR)	cruz	589182	4756199
O Marco	Hospital	MERLAN (SAN SALVADOR)	lugar funerario	589274	4756326
O Marco	Hospital	MERLAN (SAN SALVADOR)	lugar funerario	589173	4756206

6. ANEXO FOTOGRÁFICO



CPCA701001.JPG



CPCA701002.JPG



CPCA702001.JPG



CPCA702002.JPG



CPCA703001.JPG



CPCA704001.JPG



CPCA705001.JPG



CPCA705002.JPG



CPCA705003.JPG



CPCA705004.JPG



CPCA706001.JPG



CPCA706002.JPG



CPCA706003.JPG



CPCA706004.JPG



CPCA706005.JPG



CPCA706006.JPG



CPCA707001.JPG



CPCA707002.JPG



CPCA708001.JPG



CPCA708002.JPG



CPCA709001.JPG



CPCA710001.JPG



CPCA711001.JPG



CPCA711002.JPG



CPCA712001.JPG



CPCA712002.JPG



CPCA712003.JPG



CPCA712004.JPG



CPCA713001.JPG



CPCA713002.JPG



CPCA713003.JPG



CPCA714001.JPG



CPCA714002.JPG



CPCA714003.JPG



CPCA715001.JPG



CPCA716001.JPG



CPCA716002.JPG



CPCA716003.JPG



CPCA717001.JPG



CPCA717002.JPG



CPCA718001.JPG



CPCA719001.JPG



CPCA719002.JPG



CPCA719003.JPG



CPCA719004.JPG



CPCA719005.JPG



CPCA719006.JPG



CPCA719007.JPG



CPCA720001.JPG



CPCA721001.JPG



CPCA721002.JPG



CPCA721003.JPG



CPCA722001.JPG



CPCA723001.JPG



CPCA723002.JPG



CPCA723003.JPG



CPCA724001.JPG



CPCA724002.JPG



CPCA724003.JPG



CPCA725001.JPG



CPCA726001.JPG



CPCA726002.JPG



CPCA726003.JPG



CPCA727001.JPG



CPCA727002.JPG



CPCA727003.JPG



CPCA728001.JPG



CPCA728002.JPG



CPCA729001.JPG



CPCA730001.JPG



CPCA730002.JPG



CPCA730003.JPG



CPCA730004.JPG



CPCA730005.JPG



CPCA730006.JPG



CPCA731001.JPG



CPCA731002.JPG



CPCA731003.JPG



CPCA731004.JPG



CPCA731005.JPG



CPCA731006.JPG



CPCA731007.JPG



CPCA733001.JPG



CPCA733002.JPG



CPCA733003.JPG



CPCA734001.JPG



CPCA734002.JPG



CPCA734003.JPG



CPCA734004.JPG



CPCA735001.JPG



CPCA735002.JPG



CPCA735003.JPG



CPCA735004.JPG



CPCA735005.JPG



CPCA735006.JPG



CPCA736001.JPG



CPCA736002.JPG



CPCA737001.JPG



CPCA737002.JPG



CPCA738001.JPG



CPCA739001.JPG



CPCA740001.JPG



CPCA740002.JPG



CPCA740003.JPG



CPCA741001.JPG



CPCA741002.JPG



CPCA742001.JPG



CPCA742002.JPG



CPCA743001.JPG



CPCA743002.JPG



CPCA744001.JPG



CPCA745001.JPG



CPCA745002.JPG



CPCA745003.JPG



CPCA745004.JPG



CPCA746001.JPG



CPCA747001.JPG



CPCA748001.JPG



CPCA749001.JPG



CPCA749002.JPG



CPCA750001.JPG



CPCA750002.JPG



CPCA751001.JPG



CPCA752001.JPG



CPCA752002.JPG



CPCA752003.JPG



CPCA753001.JPG



CPCA753002.JPG



CPCA753003.JPG



CPCA753004.JPG



CPCA753005.JPG



CPCA753006.JPG



CPCA753007.JPG



CPCA753008.JPG



CPCA753009.JPG



CPCA754001.JPG



CPCA754002.JPG



CPCA755001.JPG



CPCA756001.JPG



CPCA756002.JPG



CPCA756003.JPG



CPCA757001.JPG



CPCA757002.JPG



CPCA757003.JPG



CPCA757004.JPG



CPCA757005.JPG



CPCA757006.JPG

7. ANEXO PLANOS